

Borrador de Decreto ____/2011, do __ de febreiro, de autorización de centros privados para impartir ensinanzas de réxime xeral

A liberdade de creación de centros docentes ven recoñecida no artigo 20 da Constitución Española e réxese polo establecido na Lei orgánica 8/1995, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Asemade, as liberdades de establecemento e de libre prestación de servizos son consagrados polo Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Para avanzar no establecemento dun auténtico mercado único de servizos, a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, establece unha serie de principios de aplicación xeral para que a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio dentro da Unión Europea sexa máis efectiva. A súa transposición ao ordenamento xurídico español realizouse a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Nese proceso de harmonización, a adaptación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á directiva de servizos comezou coa aprobación da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia.

Supeditar a apertura e funcionamento dos centros docentes privados que impartan ensinanzas non universitarias ao réxime de previa autorización administrativa está xustificade no interese xeral, por afectar á seguridade xurídica da impartición de ensinanzas que conduzan á obtención dun título con validez académica. Porén o anterior, no novo marco xurídico da libre prestación de servizos, o sinalado réxime de autorización debe de respectar os criterios de non discriminación, necesidade e proporcionalidade, consolidando principios reguladores compatibles coas sinaladas liberdades básicas de establecemento e da libre prestación de servizos.

En concreto, cómpre suprimir as barreiras e reducir as trabas que poidan restrinxir inxustificadamente a apertura e funcionamento dos centros docentes privados, reducindo as cargas administrativas e simplificando a obtención da autorización mediante o establecemento dun procedemento claro e regrado.

En desenvolvemento das competencias que en materia de educación ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia a teor do establecido no artigo 31 do Estatuto de Autonomía, o presente Decreto regula o procedemento de concesión, modificación e extinción da autorización de apertura e funcionamento de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitario de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e no Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que, con carácter de norma básica, se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas de segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro competente en materia de educación logo do informe do Consello Escolar de Galicia e da consulta á Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado de Galicia

DISPOÑO:

TÍTULO I

Disposicións de carácter xeral

Artigo 1. Obxecto.

1. Someteranse ao réxime de autorización administrativa a apertura e funcionamento dos centros docentes privados que impartan ensinanzas de réxime xeral, de conformidade co disposto Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. O réxime xurídico das autorizacións dos centros aos que se refire o apartado anterior, regularase polo establecido no presente Decreto.

3. A autorización concederase sempre que os centros reúnan os requisitos mínimos establecidos con carácter de norma básica polo Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas de segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

4. Os centros docentes que impartan ensinanzas de formación profesional estarán sometidos, ademais, aos requisitos establecidos no Decreto 114/2010, do 1 de xullo de 2010, polo que se establece a

ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, e á normativa que regule os títulos de técnico e títulos de técnico superior de formación profesional.

5. A autorización revogarase cando os centros deixen de reunir os requisitos esixidos de conformidade co establecido nos parágrafos anteriores.

6. Os centros autorizados gozarán de plenas facultades académicas e inscribiranse no Rexistro de Centros. Cada centro autorizado posuirá un único código rexistral, con independencia das ensinanzas que imparta.

Artigo 2. Solicitantes.

1. Toda persoa física ou xurídica de carácter privado e de nacionalidade española ou doutro estado da Unión Europea poderá obter a autorización para a apertura e funcionamento de centros docentes privados, se reúne os requisitos establecidos pola lexislación vixente.

2. Poderán obter a autorización as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, de nacionalidade estranxeira, axustándose ao que resulte da lexislación vixente, dos acordos internacionais, ou, no seu caso, do principio de reciprocidade.

3. Non poderán ser titulares de centros docentes privados:

a. As persoas que presten servizos na Administración educativa estatal, autonómica ou local.

b. As persoas que teñan antecedentes penais por delitos dolosos.

c. As persoas físicas ou xurídicas expresamente privadas do exercicio deste dereito por sentenza xudicial firme.

d. As persoas xurídicas nas que as persoas incluídas nos apartados anteriores desempeñen cargos reitores ou sexan titulares do 20% ou máis do capital social.

Artigo 3. Denominacións.

1. Os centros autorizados terán como denominación xenérica a correspondente ás ensinanzas para as que estean autorizados.

2. Todos os centros privados terán unha denominación específica, que figurará na correspondente inscrición rexistral e que non poderá ser coincidente coa de ningún outro centro, xa inscrito, no mesmo concello. Non poderán utilizarse, por parte dos centros, denominacións diferentes daquela.

Artigo 4. Consulta previa.

1. A solicitude da persoa interesada, antes da iniciación do procedemento de autorización administrativa, poderá realizarse unha fase previa de consulta. Para estes efectos deberá presentar unha memoria resumo do proxecto ante a xefatura territorial da consellería competente en materia de educación que corresponda ao ámbito territorial no que vaia radicar o centro para o que pretende solicitarse a autorización.

Na memoria faranse constar as ensinanzas para as que solicita a autorización, o número de postos escolares que se pretenden crear e a ubicación do centro, indicando, se é o caso, as instalacións existentes.

2. No prazo de dous meses, dende a presentación da memoria resumo, a xefatura territorial notificará o resultado da consulta á persoa interesada. Nos casos en que se estime necesario a notificación poderá ser substituída por unha reunión convocada para o efecto.

3. O resultado da fase de consulta non condicionará o sentido da resolución de autorización de apertura e funcionamento do centro docente.

TÍTULO II Procedemento de autorización

Artigo 5. Solicitude.

1. O expediente de autorización administrativa para a apertura e funcionamento dun centro docente privado, iniciarase a instancia de parte, mediante solicitude dirixida á persoa titular da consellería competente en materia de educación.

A solicitude poderá presentarse na xefatura territorial correspondente, ou en calquera dos lugares determinados no artigo

38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

2. A solicitude axustarase ao modelo establecido no anexo I deste Decreto e conterá os seguintes datos:

- a. Persoa física ou xurídica que promove o centro.
- b. Denominación específica que se propón.
- c. Localización xeográfica do centro.
- d. Ensinanzas para as que se solicita autorización.
- e. Número de unidades e postos escolares que pretenden crearse.
- f. Declaración responsable de que a persoa promotora do centro non se encontra incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 2.3 do presente Decreto.
- g. Proxecto das obras que teñan que realizarse para a construción do centro, que se axustará ás condicións reguladas no Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, no que, con carácter de norma básica, se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas de segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

Se se trata de inmobles xa existentes, deberán presentarse os planos das instalacións no seu estado actual e, no seu caso, o proxecto das obras previstas para o seu acondicionamento.

En calquera caso, achegarase o título xurídico que xustifique a posibilidade de utilización dos inmobles afectados.

3. No suposto de que os documentos requiridos se encontraran xa en poder da Administración actuante, a persoa solicitante poderá exercer o dereito previsto no artigo 35, parágrafo f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, indicando o órgano administrativo ante o que foron presentados ou polo que foron emitidos, a data da presentación ou emisión e o procedemento ao que correspondesen, sempre que non tivesen transcorrido máis de cinco anos dende a finalización deste.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente, con anterioridade á formulación da proposta de resolución, poderá requirirle á persoa solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

4. Se a solicitude non reunise os requisitos a que fai referencia o apartado 2 deste artigo, a xefatura territorial requiriralle á persoa interesada para que a emende no prazo de dez días, ampliable por cinco días máis, indicándolle que, se non o fixese, acordarase a desistencia da súa solicitude.

Artigo 6. Informe preceptivo.

1. Á vista da documentación indicada no artigo anterior, a unidade técnica da xefatura territorial emitirá un informe preceptivo, que irá precedido do trámite de audiencia da persoa interesada cando este proceda de acordo co artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. No informe, avaliarase a adecuación aos requisitos mínimos de instalacións do proxecto das obras presentado para a construción do centro ao que fai referencia o artigo 5.2.g deste Decreto.

Cando se trate de instalacións existentes, avaliarase a súa adecuación aos requisitos mínimos de instalacións, ou de ser o caso, a adecuación das obras previstas para o acondicionamento.

O informe evacuarase no prazo máximo de un mes contado dende a data na que a persoa promotora do centro presentara a solicitude, ou de ser o caso, completara a documentación á que fai referencia o artigo anterior.

2. A xefatura territorial notificaralle á persoa solicitante o sentido do informe emitido sobre o proxecto presentado.

3. Se o informe fose desfavorable deberá remitirse, no prazo máximo de 15 días dende a súa adopción, á dirección xeral competente en materia de centros, e no seu texto deberá especificarse de xeito pormenorizado os requisitos que incumpre o proxecto.

Contra este acto de trámite non poderá interpoñerse recurso en vía administrativa, sen prexuízo de que o seu contido poida ser alegado no recurso que, se é o caso, se interpoña contra a resolución que poña fin ao procedemento, que deberá ditarse pola persoa titular da consellería a proposta da dirección xeral competente en materia de centros, dentro do prazo dun mes.

Artigo 7. Actuacións complementarias do solicitante.

1. No caso de que as instalacións existentes recibisen o informe favorable ao que fai mención o artigo anterior, a persoa interesada

presentará ante a xefatura territorial, no prazo de quince días, unha relación do persoal do que disporá o centro dende o momento do inicio da súa actividade, á que deberá xuntarse unha declaración responsable xustificativa do cumprimento dos requisitos necesarios, de conformidade co previsto no RD 860/2010, do 2 de xullo polo que se regulan as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato.

2. No caso de ter que realizar obras de construción ou acondicionamento das instalacións existentes, se estas recibiran o informe favorable ao que se fai referencia no artigo anterior, a persoa interesada, unha vez estean concluídas, deberá comunicar esta circunstancia á xefatura territorial no prazo de quince días, presentando a relación do persoal de que dispoñerá o centro dende o momento do inicio da súa actividade, con xustificación do cumprimento dos requisitos necesarios segundo o establecido no punto anterior.

3. As relacións de persoal poderán ser substituídas por unha comunicación previa contendo o compromiso de achegalas antes do inicio das actividades educativas.

Artigo 8. Autorización.

1. A xefatura territorial, á vista da documentación achegada, logo das verificacións oportunas levadas a cabo pola unidade técnica e, de ser o caso, pola Inspección Educativa, remitiralle o expediente co seu informe á dirección xeral competente en materia de centros no prazo dun mes, contado a partir do día da presentación da relación ou compromiso aos que se fai referencia no artigo anterior.

2. Á vista do expediente solicitarase informe á unidade competente en materia de ordenación educativa. O dito informe terá carácter preceptivo e non vinculante, e deberá achegarse no prazo máximo de dez días dende a súa petición.

3. A dirección xeral competente en materia de centros, logo da cumprimentación do trámite de audiencia, formulará a proposta de resolución á persoa titular da consellería. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas pola persoa solicitante, ou cando a proposta de autorización se emitise conforme á solicitude presentada en todos os seus termos.

4. Cando a autorización se solicitase para a apertura dun centro integrado de formación profesional de titularidade privada, a dirección xeral competente en materia de centros solicitará informe á consellería competente en materia de traballo. O informe terá carácter preceptivo e vinculante, e a súa solicitude interromperá o prazo para resolver.

5. A persoa titular da consellería competente en materia de educación outorgará a autorización de apertura e funcionamento do centro sempre que reúna os requisitos mínimos establecidos na lexislación vixente. A autorización de apertura e funcionamento non poderá ser denegada por insuficiencia das instalacións propostas, se as obras foron realizadas de acordo co informe preceptivo evacuado pola unidade técnica da xefatura territorial. En caso contrario, denegará a autorización mediante resolución motivada, que poñerá fin á vía administrativa.

6. A resolución de autorización deberá ditarse no prazo máximo de dous meses contados a partir do día no que o expediente remitido pola xefatura territorial teña entrada na dirección xeral competente en materia de centros.

7. A resolución íntegra notificaráselle á persoa titular do centro. Cando a mesma autorízase a apertura e funcionamento dun centro docente, publicarase no Diario Oficial de Galicia e nela constarán os datos seguintes:

- a. Titular do centro.
- b. Domicilio, localidade, municipio e provincia.
- c. Denominación específica.
- d. Ensinanzas que se autorizan.
- e. Número de unidades ou postos escolares autorizados.

8. A autorización outorgarase sen prexuízo da obriga de obter as licencias municipais que correspondan para o inicio das actividades.

Artigo 9. Efectos.

1. A autorización de apertura e funcionamento dun centro docente outórgase por tempo indefinido e mentres non cambien as circunstancias que determinaron a súa concesión. A autorización producirá os seus efectos a partir do curso académico inmediatamente seguinte ao da data da correspondente resolución.

2. No centro impartiranse as ensinanzas autorizadas conforme á ordenación académica en vigor.

3. A concesión da autorización implicará que o centro docente se obriga a facilitar todos os datos que lle sexan requiridos pola consellería competente en materia de educación, debendo proceder, se fose o caso, á súa mecanización nos programas informáticos de tratamento de datos existentes ou de futura implantación.

TÍTULO III

Expedientes de autorización dos centros de ensinanzas obrigatorias que desexen acceder ao réxime de concertos

Artigo 10. Tramitación.

Os expedientes de autorización de centros nos que se vaian a impartir ensinanzas obrigatorias e que desexen acceder, no seu momento, ao réxime de concertos educativos, tramitaranse conforme ao disposto no título II do presente Decreto, coas particularidades que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 11. Solicitude.

1. A solicitude de iniciación do expediente de autorización deberá conter, ademais dos datos mencionados no artigo 5.2 deste Decreto, unha manifestación expresa da vontade de acollerse ao réxime de concertos educativos.

2. A petición da persoa promotora do centro, a presentación do proxecto das obras ou planos das instalacións poderá pospoñerse ata a data na que se emita a resolución a que se refire o artigo seguinte.

Artigo 12. Procedemento.

1. A xefatura territorial elevará á dirección xeral competente en materia de centros, no prazo dun mes dende a súa presentación, a solicitude de autorización á que deberá xuntar un informe sobre a concorrencia das seguintes circunstancias:

a. Satisfacción de necesidades de escolarización da zona na que se vai a ubicar.

- b. Atención a poboacións sociodemograficamente desfavorecidas.
- c. Realización dalgunha experiencia de interese pedagóxico para o sistema educativo.

2. A persoa titular da consellería, a proposta da dirección xeral competente en materia de centros, tendo en conta o establecido no artigo 21 do Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba ou Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos, resolverá sobre a procedencia de subscribir o concerto.

Artigo 13. Subscrición do concerto

1. A subscrición do concerto procederá cando do expediente tramitado resulte que no centro concorren as circunstancias de prioridade mencionadas non parágrafo primeiro do artigo anterior, especialmente as referentes á existencia de necesidades de escolarización na zona en que se situará o centro, e sempre que sexan suficientes os fondos públicos destinados ao sostemento de centros concertados, establecidos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma. De entre os centros seleccionados, terán preferencia os que estean constituídos en réxime de cooperativa.

2. A resolución poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso de reposición de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

3. Se a subscrición do concerto resultase procedente, notificaráselle esta circunstancia á persoa interesada, procedendo, no prazo dun mes contado dende a data da resolución, á devolución do expediente á xefatura territorial para a continuación do procedemento dende o momento inmediatamente anterior á emisión do informe preceptivo ao que fai referencia o artigo 6.

4. No caso de que a subscrición do concerto non resultase procedente, notificaráselle esta circunstancia á persoa promotora do centro, quen poderá instar a continuación da tramitación do expediente de autorización segundo o previsto no título II deste Decreto, sen prexuízo de que, no seu momento e de ser o caso, poida solicitar o acceso ao réxime de concertos, conforme ao disposto no artigo 19 e seguintes do Regulamento de Normas Básicas sobre Concertos Educativos, aprobado por Real Decreto 2377/1985, do 18 de decembro.

TÍTULO IV

Modificacións da autorización

Artigo 14. Circunstancias.

1. Considéranse circunstancias que dan lugar á modificación da autorización as seguintes:

- a. Cambio de denominación específica do centro.
- b. Modificación das instalacións que implique:
 - Alteración das dimensións dos espazos que foron tidos en conta para outorgar a autorización.
 - Cambio no uso ou destino dos devanditos espazos.
- c. Ampliación ou redución do número de unidades ou postos escolares.
- d. Modificación das ensinanzas cando se realice con carácter experimental, manténdose o mesmo ciclo, etapa ou nivel educativo para o que foi autorizado o centro.
- e. Ampliación, redución ou substitución de ensinanzas, no caso de centros que impartan formación profesional.
- f. Ampliación, redución ou substitución de modalidades, no caso de centros que impartan bacharelato.
- g. Cambio de titularidade do centro.

2. Considéranse circunstancias que dan lugar a unha nova autorización as seguintes:

- a. Cambio de domicilio do centro por traslado de instalacións. Non obstante, o cambio de domicilio dun centro concertado, se non se modifica a súa área de influencia e se manteñen as condicións de atención ao mesmo grupo de poboación susceptible de escolarización, non implicará modificación do concerto suscrito.
- b. Cambio no ciclo, etapa ou nivel educativo para a que foi autorizado o centro, salvo o disposto no apartado 1.d e 1.e, anteriores.

Nestes casos a persoa interesada deberá presentar unha solicitude de autorización consonte o establecido no artigo 5, continuándose a tramitación atendendo ao procedemento establecido no título II deste Decreto.

Artigo 15. Tramitación da modificación.

1. A modificación da autorización deberá ser aprobada polo mesmo órgano a quen lle corresponda autorizar a apertura e funcionamento

dos centros, se cumpren os requisitos establecidos no presente Decreto.

2. As persoas interesadas formularán ante a xefatura territorial unha solicitude na que se expresen as causas da modificación, segundo o modelo establecido no anexo II deste Decreto.

3. A xefatura territorial correspondente, no prazo máximo dun mes dende a súa presentación, remitirá a solicitude, acompañada dos informes pertinentes, á dirección xeral competente en materia de centros, que propoñerá ao titular da consellería a oportuna resolución, previa realización, no seu caso, do trámite de audiencia.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando a proposta de resolución se efectúe consonte a modificación solicitada en todos os seus termos.

4. A resolución ditarase nun prazo máximo de dous meses, contados dende o día no que o expediente de modificación remitido pola xefatura territorial teña entrada na dirección xeral competente en materia de centros.

Esta resolución poñerá fin á vía administrativa e será notificada e publicada, nos termos que se establecen no artigo 8.5 deste Decreto.

5. A modificación que se aprobe dará lugar á correspondente modificación da inscrición no Rexistro de Centros.

6. En ningún caso poderán poñerse en funcionamento novas unidades sen contar coa oportuna autorización administrativa.

TÍTULO V

Extinción da autorización

Artigo 16. Causas.

1. A autorización extinguese polo cesamento do centro docente nas súas actividades, por non iniciar este o seu funcionamento ou por revogación expresa da administración educativa, de acordo co que se dispón nos artigos seguintes.

2. A persoa titular da consellería competente en materia de educación será competente para a resolución dos procedementos relativos á extinción de autorizacións de centros docentes.

A resolución que se dite poñerá fin á vía administrativa e será notificada e publicada nos termos establecidos no artigo 8.5 deste Decreto.

Artigo 17. Cesamento.

1. A extinción da autorización por cesamento ou falta de inicio da actividade declararase de oficio pola persoa titular da consellería competente en materia de educación, logo da audiencia da persoa interesada e por proposta da dirección xeral competente en materia de centros, cando o centro cesase de feito nas súas actividades durante os dous cursos inmediatamente anteriores, ou no caso de que transcorresen dous anos dende a data da resolución de autorización do centro sen que este iniciara o seu funcionamento.

O disposto neste apartado será de aplicación, no caso de centros de formación profesional, respecto das ensinanzas que deixasen de impartir. Neste suposto, a persoa titular da consellería competente en materia de educación, de oficio, logo de audiencia da persoa interesada, procederá a modificar a autorización, excluíndo dela as ensinanzas non impartidas.

2. A extinción da autorización poderá acordarse a instancia da persoa titular do centro.

No suposto de centros acollidos ao réxime de concertos educativos, non procederá a extinción da autorización ata a data de extinción do concerto, salvo acordo entre a consellería competente en materia de educación e a persoa titular do centro.

Artigo 18. Revogación.

1. Procederá o inicio dun expediente de extinción da autorización por revogación expresa da administración, de acordo co disposto no artigo 23 da Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación, nos supostos previstos no apartado 5 do artigo 1 e no artigo 20 deste Decreto.

2. En todo caso, previo ao inicio do expediente de revogación, poñeranse de relevo á persoa titular do centro os incumprimentos detectados coa finalidade de que proceda a emendar as deficiencias; en caso de non o facer no prazo que se lle conceda, iniciárase o expediente de revogación. A duración do prazo indicado establecerase

en función da deficiencia a emendar, debendo ser sempre suficiente para os efectos pretendidos.

3. O expediente de revogación iniciárase e tramitárase pola dirección xeral competente en materia de centros, quen poderá solicitar todos os informes que estime necesarios para formular a proposta de resolución.

A proposta de resolución deberá ir precedida dun trámite de audiencia, e para a súa formulación deberán ser tidas en conta as actuacións practicadas e as alegacións formuladas pola parte.

4. A resolución que poña fin aos procedementos de revogación deberá ditarse no prazo máximo de seis meses dende o inicio do expediente.

Artigo 19. Efectos.

1. Na resolución pola que se autorice o cesamento de actividades dun centro ou na que acorde a revogación da autorización, poderá establecerse que os efectos sexan progresivos, co fin de que o alumnado matriculado no centro non sufra unha alteración na súa traxectoria educativa.

2. As ordes, ás que se refire o apartado anterior, darán lugar á correspondente inscrición de baixa no Rexistro de Centros.

3. En todo caso, a extinción da autorización producirá efectos dende o inicio do curso académico seguinte.

Artigo 20. Incumprimentos.

1. Os incumprimentos das normas de réxime académico comunicaranse á persoa interesada para a súa emenda.

Considéranse como incumprimento das normas de réxime académico o non respectar os decretos que establecen o currículo das distintas etapas educativas impartidas no centro, así como as ordes e resolucións que os desenvolven, referidas á implantación e desenvolvemento das ensinanzas e á súa avaliación.

2. Se o incumprimento consistise en non impartir as ensinanzas para as que se autorizou o centro de acordo cos correspondentes programas e plans de estudo e con suxeición ás normas de

ordenación académica en vigor, advertirase diso á persoa interesada para que emende as deficiencias. De non emendar as deficiencias, iniciárase o procedemento de revogación da autorización. Todo iso, segundo o disposto no artigo 18.2 do presente Decreto.

3. Os centros docentes non poderán contar con unidades concertadas e non concertadas dentro das mesmas ensinanzas, agás nos casos de concerto progresivo.

Disposición transitoria

As solicitudes de autorización de novos centros, as de modificación ou de extinción da autorización, así como os expedientes de revogación, que se estean a tramitar á entrada en vigor do presente Decreto, continuarán tramitándose conforme a esta norma.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 133/1995, do 10 de maio, sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias, a Orde do 20 de setembro de 1995 que o desenvolve, e cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste Decreto.

Disposicións finais

Primeira. Autorízase á persoa titular da consellería competente en materia de educación para ditar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido neste Decreto.

Segunda. O presente Decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, __ de marzo de dous mil once.

Alberto Núñez Feijoo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria